

Presentación libro

Lugo, 21 de setembro de 2006

A Galería Sargadelos de Lugo acolleu a presentación do libro
Catavento de neutrós domesticados de Manuel María

CAMILO G. TORRES: “O CATAVENTO É UN POEMARIO INSÓLITO QUE NON FOI ENTENDIDO NA SÚA ÉPOCA”

- “É un traballo de preciosismo literario que hoxe pode considerarse insuperable”, afirmou o estudoso do poeta.



A viúva do poeta, Saleta Goy, no acto de presentación, entre Alvarellos e Gómez Torres

A Galería Sargadelos de Lugo serviu de marco para a presentación, o xoves 21 de setembro, da reedición do libro *Catavento de neutrós domesticados*, de Manuel María, o poemario que Alvarellos Editora publicara por vez primeira en febreiro de 1979 e que agora recupera coa portada e ilustracións orixinais.

No acto estivo presente a viúva do poeta chairego, Saleta Goy; o especialista na obra do escritor, Camilo Gómez Torres, e o editor, Henrique Alvarellos.

Gómez Torres, que asina ademais o amplo estudo introdutorio á obra, cualificou este poemario como “un traballo de preciosismo literario que hoxe pode considerarse insuperable”. Lembrou que o *Catavento* “é un libro insólito que non foi entendido na súa época. Pasou inadvertido. Os tempos non eran propicios para a poesía”. Gómez Torres pregúntase “¿cómo é posible que os comentaristas e críticos literarios esquecesen este libro ao falar da renovación da poesía galega dos setenta?”.



alvarellos

EDITORA

Unha das excelencias desta obra é, a xuízo de Torres, o seu léxico: “É insólito que no ano 1979 nos atopemos cun libro de poemas que fala do mundo científico. Hai nel máis de quinientos termos científico-tecnolóxicos que están perfectamente inmersos na obra”.

Gómez Torres reclamou finalmente a plena vixencia do poemario: “É un libro esencialmente lírico con doses de tipo social. É a crónica do ‘eu’ Manuel María dentro do ‘eu’ social. Esperemos que nos tempos que corren os lectores descubran esta poesía. Na Galiza de 2006 o *Catavento de neutrós domesticados* segue a ser operativo, está vivo”.

A viúva do poeta, Saleta Goy, agradeceu pola súa banda esta iniciativa de Alvarellos Editora e instou, por riba de todo, a lembrar a Manuel María “lendo a súa obra”. O editor lembrou que esta recuperación do *Catavento* “é a mellor conmemoración dos trinta anos que esta empresa cumprirá en breve” ao tempo que afirmou que é “un orgullo volver a contar no noso catálogo con Manuel María”.



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarellos.info
Tel: 609 90 88 52